*cantas alegacións estimen pertinentes, advertíndolle que a valoración contida na Folla de Aprecio deberá de ser motivada e xustificada e subscrita, si así o crese conveniente, por técnico idóneo e competente, cuxos gastos serán da súa conta.*

**VISTO** que o referido Decreto da Alcaldía de data 08/03/2022 e en relación á finca mencionada, foi notificado ós/ás titulares catastrais na data 15/03/2022.

**VISTO** que os/as expropiados/as non presentaron a Folla de Aprecio requirida por esta Administración.

**VISTA** a Folla de Aprecio formulada pola enxeñeira municipal en relación á finca de referencia.

**VISTO** que o Pleno do Concello, en sesión celebrada na data 27/06/2022, acordou ter por non presentada a Folla de Aprecio requirida mediante Decreto da Alcaldía de data 08/03/2022, en relación á finca referida; aprobar a Folla de Aprecio formulada pola enxeñeira municipal, na que, en base aos criterios de valoración do solo, se cifra a valoración en 1.039,81 euros; e dar traslado da Folla de Aprecio ó/a expropiado/a para que no prazo de dez días seguintes, poida aceptala ou ben rexeitala.

**VISTO** que o antedito acordo plenario foi notificado ós/ás interesados/as na data 15/09/2022.

**VISTO** que non consta no expediente que os/as expropiados/as rexeitasen a Folla de Aprecio aprobada polo Pleno do Concello e da que se lle dou traslado.

**Esta Alcaldía, propón ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.-** Determinar o xusto prezo pola expropiación da finca antes referida na contía de 1.039,81 euros.

**SEGUNDO.-** En cumprimento do artigo 48 da Lei de Expropiación Forzosa, proceder ao pagamento do xusto prezo pola expropiación dos terreos referidos. A estes efectos sinalase como data do pagamento o día 02 de decembro de 2022, ás 12:00 horas, na Casa Consistorial do Concello de Ribeira (departamento de secretaría e servizos xerais, 1º andar).

Advertir que o pagamento se fará precisamente aos que figuren como donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, debendo estar todos presentes no acto do pagamento, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral, xa sexa particular para este caso.

Deberase achegar os seguintes documentos: documentos orixinais acreditativos da titularidade do ben a expropiar; documento nacional de identidade; e certificación bancaria co número de conta en que figure completo o número de conta (IBAN e BIC) e o conxunto de todos os titulares.

En caso de figurar o terreo a nome de herdeiros, e co fin de acreditar a sucesión deberán achegar: nome do titular defunto e título de propiedade; certificado de defunción do causante; certificado de últimas vontade; testamento ou, na súa falta, declaración de herdeiros; e DNI de tódolos herdeiros.

No caso de terse realizado a partición da herdanza deberá achegarse copia completa da escritura de partición.

A identificación realizarase mediante a presentación do DNI ou, no seu defecto, polo coñecemento directo que testifiquen o Alcalde ou Secretario do Concello.

De conformidade co disposto no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non é necesario a achega dos documentos anteriormente mencionados para o caso de que, con anterioridade, o/a interesado/a xa os tivera aportado a esta Administración.

Comunicar que do importe determinado como xusto prezo dedúcese as cantidades xa percibidas ou consignadas. Neste caso, o importe líquido a cobrar ascende á contía de 832,01 euros (1.039,81 – 207,8 percibido en concepto de depósito previo).

**TERCEIRO.-** En cumprimento do artigo 49 do Regulamento de Expropiación Forzosa, anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello (sede electrónica) o día en que vaia a procederse ao pago, coa debida antelación.

**CUARTO.-** Convocar ós/ás titulares da finca obxecto da expropiación, para proceder ao levantamento da ACTA DEFINITIVA DE OCUPACIÓN correspondente ao ben afectado, que se estenderá a continuación do pago o día 02 de decembro de 2022 ás 12:00



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 2022096742
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES	- 28/10/2022	Fecha: 28/10/2022
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL	- 28/10/2022	Hora: 13:48
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2022 13:48:08		





**C O N C E L L O  
D E  
R I B E I R A  
(A CORUÑA)**

**Declarado Municipio Turístico Galego**

*horas* na Casa Consistorial do Concello de Ribeira (departamento de secretaría e servizos xerais, 1º andar). Todo isto, en cumprimento do disposto no artigo 52 e concordantes da Lei de Expropiación Forzosa.

**QUINTO.-** Delegar na Concelleira Delegada de Infraestruturas e Urbanismo, María José Sampedro Fernández, as facultades atribuídas pola lei ao alcalde aos efectos da convocatoria para o pago das valoracións establecidas e o levantamento das actas definitivas de ocupación.

**SEXTO.-** Designar como representante da Administración nas presentes actuacións ao secretario xeral do Concello, Juan Manuel Salguero del Valle, e como suplente á técnica de administración xeral do departamento de secretaría, María Sieira Ríos.

**SÉTIMO.-** Dar traslado á Intervención e á Tesourería municipal aos efectos pertinentes.

*En Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento. O alcalde, Manuel Ruiz Rivas.*

**PROPOSTA DA ALCALDÍA: RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE XUSTO PREZO MEDIANTE PEZA SEPARADA E INDIVIDUAL NO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA E URGENTE DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE SENDEIRO NO REGO PEDRÍN E RECUPERACIÓN DO SEU ENTORNO NO CONCELLO DE RIBEIRA” (Expediente 2021 PATR000006), EN RELACIÓN COA FINCA:**

Nº Finca Proxecto	Refª Catastral	Sup (m2)	Sup Expr. (m2)	Paraxe	Cualificación urbanística	Titular
13	15074A008004940000KE	5.267	39,47	Redaira	Solo rural	Santos Oujo Bello

**VISTO** que por Decreto desta Alcaldía de data 08/03/2022 resolverse iniciar peza separada de xusto prezo e expediente individualizado para cada finca para a fixación do xusto prezo da finca da Relación de bens e dereitos de necesaria ocupación antes referida, para a execución da obra “Proxecto de acondicionamento de sendeiro no Rego Pedrin e recuperación do seu entorno no Concello de Ribeira”, así como requirir ó/a propietario/a afectado/a para que no prazo de vinte días hábiles, a contar do seguinte á notificación da resolución, presente Folla de Aprecio na que se concrete o valor da finca expropiada determinado pola aplicación dos criterios legais para a valoración do solo de que se trate segundo a súa cualificación e clasificación urbanística, podendo aducir cantas alegacións estimen pertinentes, advertíndolle que a valoración contida na Folla de Aprecio haberá de ser motivada e xustificada e subscrita, si así o crese conveniente, por técnico idóneo e competente, cuxos gastos serán da súa conta.

**VISTO** que o referido Decreto da Alcaldía de data 08/03/2022 e en relación á finca mencionada, foi notificado ós/ás titulares catastrais na data 22/03/2022.

**VISTO** que os/as expropiados/as non presentaron a Folla de Aprecio requirida por esta Administración.

**VISTA** a Folla de Aprecio formulada pola enxeñeira municipal en relación á finca de referencia.

**VISTO** que o Pleno do Concello, en sesión celebrada na data 27/06/2022, acordou ter por non presentada a Folla de Aprecio requirida mediante Decreto da Alcaldía de data 08/03/2022, en relación á finca referida; aprobar a Folla de Aprecio formulada pola enxeñeira municipal, na que, en base aos criterios de valoración do solo, se cifra a valoración en 172,08 euros; e dar traslado da Folla de Aprecio ó/a expropiado/a para que no prazo de dez días seguintes, poida aceptala ou ben rexeitala.

**VISTO** que o antedito acordo plenario foi notificado ós/ás interesados/as na data 27/09/2022.

**VISTO** que non consta no expediente que os/as expropiados/as rexeitasen a Folla de Aprecio aprobada polo Pleno do Concello e da que se lle dou traslado.

**Esta Alcaldía, propón ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:**



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20220966742
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES	28/10/2022	Fecha: 28/10/2022
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL	28/10/2022	Hora: 13:48
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2022 13:48:08		





**C O N C E L L O  
D E  
R I B E I R A  
(A CORUÑA)**

**Declarado Municipio Turístico Galego**

**PRIMEIRO.-** Determinar o xusto prezo pola expropiación da finca antes referida na contía de 1.039,81 euros.

**SEGUNDO.-** En cumprimento do artigo 48 da Lei de Expropiación Forzosa, proceder ao pagamento do xusto prezo pola expropiación dos terreos referidos. A estes efectos sinálase como data do pagamento o día 02 de decembro de 2022, ás 12:30 horas, na Casa Consistorial do Concello de Ribeira (departamento de secretaria e servizos xerais, 1º andar).

Advertir que o pagamento se fará precisamente aos que figuren como donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, debendo estar todos presentes no acto do pagamento, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral, xa sexa particular para este caso.

Deberase achegar os seguintes documentos: documentos orixinais acreditativos da titularidade do ben a expropiar; documento nacional de identidade; e certificación bancaria co número de conta en que figure completo o número de conta (IBAN e BIC) e o conxunto de todos os titulares.

En caso de figurar o terreo a nome de herdeiros, e co fin de acreditar a sucesión deberán achegar: nome do titular defunto e título de propiedade; certificado de defunción do causante; certificado de últimas vontade; testamento ou, na súa falta, declaración de herdeiros; e DNI de tódolos herdeiros.

No caso de terse realizado a partición da herdanza deberá achegarse copia completa da escritura de partición.

A identificación realizarase mediante a presentación do DNI ou, no seu defecto, polo coñecemento directo que testifiquen o Alcalde ou Secretario do Concello.

De conformidade co disposto no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non é necesario a achega dos documentos anteriormente mencionados para o caso de que, con anterioridade, o/a interesado/a xa os tivera aportado a esta Administración.

Comunicar que do importe determinado como xusto prezo dedúcese as cantidades xa percibidas ou consignadas. Neste caso, o importe líquido a cobrar ascende á contía de 137,67 euros (172,08 – 34,41 percibido en concepto de depósito previo).

**TERCEIRO.-** En cumprimento do artigo 49 do Regulamento de Expropiación Forzosa, anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello (sede electrónica) o día en que vaia a procederse ao pago, coa debida antelación.

**CUARTO.-** Convocar ós/ás titulares da finca obxecto da expropiación, para proceder ao levantamento da ACTA DEFINITIVA DE OCUPACIÓN correspondente ao ben afectado, que se estenderá a continuación do pago o día 02 de decembro de 2022 ás 12:30 horas na Casa Consistorial do Concello de Ribeira (departamento de secretaria e servizos xerais, 1º andar). Todo isto, en cumprimento do disposto no artigo 52 e concordantes da Lei de Expropiación Forzosa.

**QUINTO.-** Delegar na Concelleira Delegada de Infraestruturas e Urbanismo, María José Sampedro Fernández, as facultades atribuídas pola lei ao alcalde aos efectos da convocatoria para o pago das valoracións establecidas e o levantamento das actas definitivas de ocupación.

**SEXTO.-** Designar como representante da Administración nas presentes actuacións ao secretario xeral do Concello, Juan Manuel Salguero del Valle, e como suplente á técnica de administración xeral do departamento de secretaria, María Sieira Ríos.

**SÉTIMO.-** Dar traslado á Intervención e á Tesourería municipal aos efectos pertinentes.

En Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento. O alcalde, Manuel Ruiz Rivas.

**PROPOSTA DA ALCALDÍA: RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE XUSTO PREZO MEDIANTE PEZA SEPARADA E INDIVIDUAL NO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA E URGENTE DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE SENDEIRO NO REGO PEDRÍN E RECUPERACIÓN DO SEU ENTORNO NO CONCELLO DE RIBEIRA” (Expediente 2021 PATR000006), EN RELACIÓN COA FINCA:**

Nº Finca Proxecto	Refª Catastral	Sup (m2)	Sup Expr. (m2)	Paraxe	Cualificación urbanística	Titular



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20220966742
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 28/10/2022	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/10/2022	Fecha: 28/10/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2022 13:48:08		Hora: 13:48





CONCELLO  
DE  
**RIBEIRA**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

15	15074A00900026000KH	8.626	2,88	San Roque	Solo rural	Herdeiros de Benito Sampedro Vizcaya
----	---------------------	-------	------	-----------	------------	--------------------------------------

*VISTO que por Decreto desta Alcaldía de data 08/03/2022 resolveuse iniciar peza separada de xusto prezo e expediente individualizado para cada finca para a fixación do xusto prezo da finca da Relación de bens e dereitos de necesaria ocupación antes referida, para a execución da obra "Proxecto de acondicionamento de sendeiro no Rego Pedrin e recuperación do seu entorno no Concello de Ribeira", así como requirir ó/a propietario/a afectado/a para que no prazo de vinte días hábiles, a contar do seguinte á notificación da resolución, presente Folla de Aprecio na que se concrete o valor da finca expropiada determinado pola aplicación dos criterios legais para a valoración do solo de que se trate segundo a súa cualificación e clasificación urbanística, podendo aducir cantas alegacións estimen pertinentes, advertíndolle que a valoración contida na Folla de Aprecio haberá de ser motivada e xustificada e subscrita, si así o crese conveniente, por técnico idóneo e competente, cuxos gastos serán da súa conta.*

*VISTO que o referido Decreto da Alcaldía de data 08/03/2022 e en relación á finca mencionada, foi notificado ós/ás titulares catastrais na data 16/03/2022.*

*VISTO que os/as expropiados/as non presentaron a Folla de Aprecio requirida por esta Administración.*

*VISTA a Folla de Aprecio formulada pola enxeñeira municipal en relación á finca de referencia.*

*VISTO que o Pleno do Concello, en sesión celebrada na data 27/06/2022, acordou ter por non presentada a Folla de Aprecio requirida mediante Decreto da Alcaldía de data 08/03/2022, en relación á finca referida; aprobar a Folla de Aprecio formulada pola enxeñeira municipal, na que, en base aos criterios de valoración do solo, se cifra a valoración en 12,55 euros; e dar traslado da Folla de Aprecio ó/a expropiado/a para que no prazo de dez días seguintes, poida aceptala ou ben rexeitala.*

*VISTO que o antedito acordo plenario foi notificado ós/ás interesados/as na data 15/09/2022.*

*VISTO que non consta no expediente que os/as expropiados/as rexeitasen a Folla de Aprecio aprobada polo Pleno do Concello e da que se lle dou traslado.*

**Esta Alcaldía, propón ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.- Determinar o xusto prezo pola expropiación da finca antes referida na contía de 12,55 euros.**

**SEGUNDO.-** En cumprimento do artigo 48 da Lei de Expropiación Forzosa, **proceder ao pagamento do xusto prezo pola expropiación dos terreos referidos. A estes efectos sinalase como data do pagamento o día 02 de decembro de 2022, ás 11:00 horas, na Casa Consistorial do Concello de Ribeira (departamento de secretaría e servizos xerais, 1º andar).**

*Advertir que o pagamento se fará precisamente aos que figuren como donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, debendo estar todos presentes no acto do pagamento, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral, xa sexa particular para este caso.*

*Deberase achegar os seguintes documentos: documentos orixinais acreditativos da titularidade do ben a expropiar; documento nacional de identidade; e certificación bancaria co número de conta en que figure completo o número de conta (IBAN e BIC) e o conxunto de todos os titulares.*

*En caso de figurar o terreo a nome de herdeiros, e co fin de acreditar a sucesión deberán achegar: nome do titular defunto e título de propiedade; certificado de defunción do causante; certificado de últimas vontades; testamento ou, na súa falta, declaración de herdeiros; e DNI de tódolos herdeiros.*

*No caso de terse realizado a partición da herdanza deberá achegarse copia completa da escritura de partición.*

*A identificación realizarase mediante a presentación do DNI ou, no seu defecto, polo coñecemento directo que testifiquen o Alcalde ou Secretario do Concello.*

*De conformidade co disposto no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non é necesario a achega dos documentos anteriormente mencionados para o caso de que, con anterioridade, o/a interesado/a xa os tivera aportado a esta Administración.*

*Comunicar que do importe determinado como xusto prezo dedídense as cantidades xa percibidas ou consignadas. Neste caso, o importe líquido a cobrar ascende á contía de 10,04 euros (12,55 – 2,51 percibido en concepto de depósito previo).*



<b>FIRMANTE - FECHA</b>	DOCUMENTO: 20220966742
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 28/10/2022	Fecha: 28/10/2022
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/10/2022	Hora: 13:48
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2022 13:48:08	





C O N C E L L O  
D E  
R I B E I R A  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

**TERCEIRO.-** En cumprimento do artigo 49 do Regulamento de Expropiación Forzosa, anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello (sede electrónica) o día en que vaia a procederse ao pago, coa debida antelación.

**CUARTO.-** Convocar ós/ás titulares da finca obxecto da expropiación, para proceder ao levantamento da **ACTA DEFINITIVA DE OCUPACIÓN** correspondente ao ben afectado, que se estenderá a continuación do pago o día **02 de decembro de 2022 ás 11:00 horas** na Casa Consistorial do Concello de Ribeira (departamento de secretaría e servizos xerais, 1º andar). Todo isto, en cumprimento do disposto no artigo 52 e concordantes da Lei de Expropiación Forzosa.

**QUINTO.-** Delegar na Concelleira Delegada de Infraestruturas e Urbanismo, María José Sampedro Fernández, as facultades atribuídas pola lei ao alcalde aos efectos da convocatoria para o pago das valoracións establecidas e o levantamento das actas definitivas de ocupación.

**SEXTO.-** Designar como representante da Administración nas presentes actuacións ao secretario xeral do Concello, Juan Manuel Salguero del Valle, e como suplente á técnica de administración xeral do departamento de secretaría, María Sieira Ríos.

**SÉTIMO.-** Dar traslado á Intervención e á Tesourería municipal aos efectos pertinentes.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do **ditame**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 20 de outubro de 2022, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 21** (9 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Ribeira)

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓN: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 20 de outubro de 2022 sobre **RESOLUCIÓN DOS EXPEDIENTES DE XUSTO PREZO MEDIANTE PEZA SEPARADA E INDIVIDUAL NO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE SENDEIRO NO REGO PEDRÍN E RECUPERACIÓN DO SEU ENTORNO”. EN RELACIÓN COAS FINCAS Nº 1, 3, 4, 5, 6, 10, 13 E 15**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

**3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de outubro de 2022 sobre a base dunha proposta de Alcaldía do seguinte tenor literal:

“Considerando a providencia de Alcaldía de data 14 de outubro do presente ano, polo que se ordea o inicio de expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmoables do concello de Ribeira.





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*Logo de ver o informe favorable de tesouraría e intervención municipal e da secretaría que constan no expediente.*

*Tendo en conta a conveniencia da introdución dunha bonificación na ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles ao abeiro do previsto no artigo 74.5 do TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais respecto ao inmóbles nos que se instalen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía provinte do sol co fin de incentivar a instalación nas vivendas o uso destes sistemas que favorecen o aforro enerxético.*

*O Alcalde-Presidente do Concello de Ribeira, conforme ó disposto no artigo 17 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, propón á consideración do Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:*

*1º) Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles do concello de Ribeira, segundo a seguinte redacción:*

**“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA IMPOSTO DE BENS INMÓBLES DO CONCELLO DE RIBEIRA**

**O punto número 5 do artigo 5 da ordenanza queda redactado do seguinte xeito:**

*5. De conformidade co disposto no artigo 74.5 do TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais, terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os catro períodos impositivos consecutivos seguintes ao do seu outorgamento, os bens inmóbles clasificados catastralmente coma de uso residencial, nos que se instalaren sistemas para o aproveitamento térmico e eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo.*

- 5.A. Cumprirá, en todo caso, que os sistemas de aproveitamento térmico instalados dispoñan dunha superficie mínima de captación solar útil de 4 m<sup>2</sup> por cada 100 m<sup>2</sup> de superficie construída e que os sistemas de aproveitamento eléctrico fotovoltaico dispoñan dunha potencia instalada mínima de 2,5 Kw por cada 100 m<sup>2</sup> de superficie construída.*
- 5.B. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola administración competente.*
- 5.C. Así mesmo, deberá acreditarse que se solicitaron e están concedidas as oportunas licenzas municipais ou no seu caso comunicacións previas para a execución das instalacións.*
- 5.D. Non se outorgará a bonificación cando a instalación dun sistema de aproveitamento da enerxía solar sexa obrigatoria segundo o artigo 1 Sección HE 4 e artigo 1 da Sección HE5 do Código Técnico da Edificación, ou normativa que a poida substituír, formando parte de obras de nova construción ou rehabilitación integral de edificacións, aínda que superen os mínimos previstos na devandita normativa.*
- 5.E. Esta bonificación terá carácter rogado e producirá efectos, se é o caso, dende o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite, sempre que, previamente, reúna as condicións e se acredite o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento, tendo en conta en todo caso que a data de solicitude da bonificación non poderá ser superior en dous anos á data de concesión da licenzia de primeira ocupación ou presentación da comunicación previa da obra de instalación.*
- 5.F. Documentación: O outorgamento da bonificación estará condicionado a que o cumprimento dos anteriores requisitos quede acreditado mediante a presentación da seguinte documentación coa solicitude:*
  - 1) Copia da resolución de concesión da licenzia de primeira ocupación ou resguardo acreditativo da presentación da comunicación previa ou declaración responsable da obra e instalación dos sistemas de produción de enerxía renovable, segundo se precise para cada caso.*
  - 2) O xustificante de pagamento da taxa polo outorgamento de licenzias urbanísticas e do imposto sobre construcións, instalacións e obras.*
  - 3) Certificado de montaxe, se é o caso, e do certificado de instalación debidamente dilixenciados polo organismo autorizado pola Comunidade Autónoma.*
  - 4) Informe emitido por técnico competente no que quede acreditado:*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20220966742
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 28/10/2022		Fecha: 28/10/2022
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/10/2022		Hora: 13:48
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2022 13:48:08		







C O N C E L L O  
DE  
R I B E I R A  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- A relación de parcelas catastrais afectadas pola obra, indicando expresamente o número de Referencia Catastral das mesmas.
- Que a instalación foi executada de conformidade coa normativa aplicable, contando con toda a documentación precisa para a súa posta en funcionamento (Certificado de instalación, etc.).
- Que a instalación cumpre os mínimos sinalados no apartado 5.A respecto a superficie mínima de captación solar útil e de potencia instalada, tendo en conta que tomarase coma superficie construída a que figure na base de datos catastral.
- No suposto de instalacións para produción de calor, que os colectores dispoñen da correspondente homologación pola administración competente segundo o previsto no punto 5.B.
- Que as instalacións contan ca preceptiva licenza municipal de primeira ocupación ou presentación de comunicación previa ou declaración responsable, segundo proceda.
- Que a instalación non é obrigatoria coma consecuencia do cumprimento da normativa sinalada no punto 5.D.

**Introdúcese un punto número 6 do artigo 5 da ordenanza que queda redactado do seguinte xeito:**

6. As bonificacións de carácter rogado deberán ser solicitadas polo suxeito pasivo do imposto. Con carácter xeral, o efecto da concesión de exencións comezará a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non poderá ter carácter retroactivo.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación da ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia logo da súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación municipal, e estará en vigor ata a súa derogación expresa.”

2º) Expoñer o expediente ao público mediante a publicación de anuncio no BOP de A Coruña e nun diario dos de maior difusión da provincia, para que no prazo de 30 días os interesados poidan presentar as reclamacións e suxerencias oportunas, transcorrido o cal, se non se presentase ningunha entenderase definitivamente aprobado.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do **ditame**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de outubro de 2022 , co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 20** (9 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG)

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 1** Mixto-Suma Ribeira

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de





CONCELLO  
DE  
**RIBEIRA**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

outubro de 2022 sobre **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES** e en consecuencia aproba:

**PRIMEIRO**:-Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmobles do concello de Ribeira, segundo a seguinte redacción:

**“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA IMPOSTO DE BENS INMOBLES DO CONCELLO DE RIBEIRA**

**O punto número 5 do artigo 5 da ordenanza queda redactado do seguinte xeito:**

5. De conformidade co disposto no artigo 74.5 do TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais, terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os catro períodos impositivos consecutivos seguintes ao do seu outorgamento, os bens inmobles clasificados catastralmente coma de uso residencial, nos que se instalaren sistemas para o aproveitamento térmico e eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo.

5.G. Cumprirá, en todo caso, que os sistemas de aproveitamento térmico instalados dispoñan dunha superficie mínima de captación solar útil de 4 m2 por cada 100 m2 de superficie construída e que os sistemas de aproveitamento eléctrico fotovoltaico dispoñan dunha potencia instalada mínima de 2,5 Kw por cada 100 m2 de superficie construída.

5.H. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola administración competente.

5.I. Así mesmo, deberá acreditarse que se solicitaron e están concedidas as oportunas licenzas municipais ou no seu caso comunicacións previas para a execución das instalacións.

5.J. Non se outorgará a bonificación cando a instalación dun sistema de aproveitamento da enerxía solar sexa obrigatoria segundo o artigo 1 Sección HE 4 e artigo 1 da Sección HE5 do Código Técnico da Edificación, ou normativa que a poida substituír, formando parte de obras de nova construción ou rehabilitación integral de edificacións, aínda que superen os mínimos previstos na devandita normativa.

5.K. Esta bonificación terá carácter rogado e producirá efectos, se é o caso, dende o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite, sempre que, previamente, reúna as condicións e se acredite o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento, tendo en conta en todo caso que a data de solicitude da bonificación non poderá ser superior en dous anos á data de concesión da licenzia de primeira ocupación ou presentación da comunicación previa da obra de instalación.

5.L. **Documentación:** O outorgamento da bonificación estará condicionado a que o cumprimento dos anteriores requisitos quede acreditado mediante a presentación da seguinte documentación coa solicitude:

- 5) Copia da resolución de concesión da licenzia de primeira ocupación ou resguardo acreditativo da presentación da comunicación previa ou declaración responsable da obra e instalación dos sistemas de produción de enerxía renovable, segundo se precise para cada caso.
- 6) O xustificante de pagamento da taxa polo outorgamento de licenzias urbanísticas e do imposto sobre construcións, instalacións e obras.
- 7) Certificado de montaxe, se é o caso, e do certificado de instalación debidamente dilixenciados polo organismo autorizado pola Comunidade Autónoma.
- 8) Informe emitido por técnico competente no que quede acreditado:
  - a. A relación de parcelas catastrais afectadas pola obra, indicando expresamente o número de Referencia Catastral das mesmas.
  - b. Que a instalación foi executada de conformidade coa normativa aplicable, contando con toda a documentación precisa para a súa posta en funcionamento (Certificado de instalación, etc.).



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000EC05600G2J6G8P8W0M3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20220966742
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 28/10/2022		Fecha: 28/10/2022
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/10/2022		Hora: 13:48
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2022 13:48:08		

CSV: 07E6000EC05600G2J6G8P8W0M3





C O N C E L L O  
D E  
R I B E I R A  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- c. *Que a instalación cumpre os mínimos sinalados no apartado 5.A respecto a superficie mínima de captación solar útil e de potencia instalada, tendo en conta que tomarase como superficie construída a que figure na base de datos catastral.*
- d. *No suposto de instalacións para produción de calor, que os colectores dispoñen da correspondente homologación pola administración competente segundo o previsto no punto 5.B.*
- e. *Que as instalacións contan ca preceptiva licenzia municipal de primeira ocupación ou presentación de comunicación previa ou declaración responsable, segundo proceda.*
- f. *Que a instalación non é obrigatoria coma consecuencia do cumprimento da normativa sinalada no punto 5.D.*

**Introdúcese un punto número 6 do artigo 5 da ordenanza que queda redactado do seguinte xeito:**

*6. As bonificacións de carácter rogado deberán ser solicitadas polo suxeito pasivo do imposto. Con carácter xeral, o efecto da concesión de exencións comezará a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non poderá ter carácter retroactivo.*

**DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente modificación da ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia logo da súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación municipal, e estará en vigor ata a súa derogación expresa."*

**SEGUNDO:**-Expoñer o expediente ao público mediante a publicación de anuncio no BOP de A Coruña e nun diario dos de maior difusión da provincia, para que no prazo de 30 días os interesados poidan presentar as reclamacións e suxerencias oportunas, transcorrido o cal, se non se presentase ningunha entenderase definitivamente aprobado.

**4.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS CON FINALIDADE LUCRATIVA.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de outubro de 2022 sobre a base dunha proposta de Alcaldía do seguinte tenor literal:

*"Considerando a providencia de Alcaldía de data 14 de outubro do presente ano, polo que se ordea o inicio de expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.*

*Logo de ver o informe favorable de tesouraría e intervención municipal e da secretaría que constan no expediente.*

*Tendo en conta a conveniencia da introdución dunha suspensión temporal para o exercicio 2023 coma medida de apoio aos titulares de negocios de hostalaría do concello tendo en conta o actual contexto de crise económica.*

*O Alcalde-Presidente do Concello de Ribeira, conforme ó disposto no artigo 17 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, propón á consideración do Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:*

*1º) Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, segundo a seguinte redacción:*



**FIRMANTE - FECHA**





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

**“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS**

*A disposición transitoria da ordenanza queda redactado do seguinte xeito:*

“Durante o exercicio 2023 suspéndese a vixencia desta ordenanza fiscal de mesas e cadeiras (aplicación e cobro da taxa), tanto das Licenzas por ocupación anual (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro) coma no caso de licenza de ocupación turística (comprende o período de semana santa e do 1 de xuño ao 30 de setembro).”

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación da ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia logo da súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación municipal, e estará en vigor ata a súa derogación expresa.”

2º) Expoñer o expediente ao público mediante a publicación de anuncio no BOP de A Coruña e nun diario dos de maior difusión da provincia, para que no prazo de 30 días os interesados poidan presentar as reclamacións e suxerencias oportunas, transcorrido o cal, se non se presentase ningunha entenderase definitivamente aprobado.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do **ditame**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de outubro de 2022 , co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 18** (9 PP, 7 PBBI, 2 BNG)

**-VOTOS EN CONTRA: 1** Mixto-Suma Ribeira

**-ABSTENCIÓNS: 2** PSG-PSOE

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de outubro de 2022 sobre **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS CON FINALIDADE LUCRATIVA**, e en consecuencia aproba

**PRIMEIRO**:-Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, segundo a seguinte redacción:

**“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS**

*A disposición transitoria da ordenanza queda redactado do seguinte xeito:*

